PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 13:46
Nº Rexistro: 39378
Data envio: 25/10/2018 13:46:41.041

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea con número de rexistro **36178 (10/PNC-002904)**, que figura na orde do día da Comisión 4ª que se vai celebrar o vindeiro 26 de outubro de 2018.

Emenda de modificación

Proponse modificar a parte resolutiva que quedaría da seguinte forma:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar e dotar de financiamento propio e suficiente a Unidade de Muller e Ciencia así como o II Plan galego de Muller e Ciencia desenvolvendo, no marco deste, accións dirixidas a combater a fenda de xénero científica nos centros de ensino públicos galegos con accións que, cando menos, inclúan:

a) Unha campaña institucional de fomento das carreiras STEM nos centros de ensino primario e secundario que inclúa a perspectiva de xénero.

b) Encontros de científicas co alumnado dos centros de ensino primario e secundario co obxectivo de ofrecer exemplos reais de mulleres dedicadas á ciencia.

c) Promoción do coñecemento de científicas pioneiras galegas a través da re-edición da revista Xenia distribuíndoa nos centros de ensino públicos como material didáctico.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 13:46
Nº Rexistro: 39378
Data envio: 25/10/2018 13:46:41.041

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

d) Recuperar e ampliar as liñas de axudas e bolsas coas que contaba a Unidade de Muller e Ciencia na súa creación dirixidas ao ámbito universitario e os organismos públicos de investigación."

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2018."

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 25/10/2018 13:46:04

Ana Pontón Mondelo na data 25/10/2018 13:46:09